

Fender o silencio imperial

Isaac Lourido Hermida

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LOURIDO HERMIDA, ISAAC (2011 [2005]). “Fender o silencio imperial”. *Grial*: 166, 136-137. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/51>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LOURIDO HERMIDA, ISAAC (2005). “Fender o silencio imperial”. *Grial*: 166, 136-137.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

FENDER O SILENZO IMPERIAL

[RECENSIÓN DO LIBRO DE DANIEL SALGADO *DÍAS NO IMPERIO*, 2004]

Isaac Lourido Hermida

Daniel Salgado xa avisara con *Sucede* (2004) que a súa non era unha poética precisamente da resignación. *días no imperio*, gañador do XXIV Premio Esquío de Poesía, participa do mesmo espírito e abonda sen reparo na consciencia dunha opresión que nos condena a vivir coma súbditos na periferia do imperio. O libro está constituído por unha serie de poemas datados, mais a parte final (“imperio en crise”) que consta de só dous. Percorre toda a obra un alento épico que ao comezo se mostra incerto, dubidoso, deitando a vista nas loitas pasadas (perdidas, claro) mais que co paso dos versos, e do tempo, se ergue cun pulo contestatario que culmina no penúltimo poema (“xa é tempo de racharmos / co aire que fornece o imperio”).

O poemario está concibido como expresión dunha voz colectiva, escrito desde un “nós” que dota á obra de dimensión social. Vérquese sobre o mundo unha ollada pretendidamente realista, desveladora do *real*, do que en verdade *acontece*, por oposición ao silencio e ao simulacro que o imperio (re)transmite. Repárese ben que se dixo “ollada realista” e non estilo. *días no imperio* está escrito cunha linguaxe rota, discontinua, achegada ao rizomático (*acontecemento*, *rizoma*... Deleuze transita polo libro de forma evidente), que fende con esta aposta de desestruturación e multiplicidade o discurso aséptico do poder (“luir cada palabra / para que diga o que acontece”). Se en *Sucede* Salgado optara por unha linguaxe próxima ao coloquial, atopa nestoutra opción un xeito que lle acae mellor á súa poética, máis violenta no verbal e boa condutora das liñas que compoñen o seu universo literario.

No percorrido sinalado, da vacilación á afirmación da crise do imperio, os poemas aparecen colocados nun mapa intertextual diverso (lemas, citas, paráfrases, alusións...) que absorbe diferentes fluxos. A intención de reescribir a historia clarexa a néboa imposta pola derrota das causas revolucionarias, e serve como arma para fortalecer a acción aquí e agora (véxase o poema “polos fillos dos fillos”). Recórrase ao cinema (Vertov, o filme “Tire dié”) para afianzar o obxectivo realista, expresado coa sintaxe fragmentada que remite á montaxe. Como liña de fuga constante no texto destaca a presenza do amor, acomodado na dúbida in[137]icial (“procuras tirar das estacións en paso / sinais de que regresan os fuxidos. / non hai espazo abondo. vexo / que buscas / historia / nos corpos nus”) pero tamén inserido na proclama final (“porque sempre chove duro se muda a historia. / se marchas sen dicir adeus”).

Tras o poema de significativo título “the illusions of postmodernism”, que denuncia o reaccionario de certo discurso postmoderno (“case había ser mellor / recuperarmos / os grandes relatos de emancipación”), nas composicións que compoñen “imperio en crise”

eclosiona a proposta ideolóxico-literaria do libro. A que comeza “fóra pero” constitúe un exercicio de escritura acentrada polo que desfilan as liñas latentes nos versos anteriores, encamiñadas agora á proclamación da decadencia do imperio e da estratexia a seguir (“ausencia de / metáfora / no cerne do incendio. / a caste de agoras que cómpre cravar na historia.”) , reforzadas por citas de autores que van de Neil Young a Vicente Aleixandre, e coroadas polo contundente verso de Xesús Rábade Paredes: “*XURO QUE NON HAI POBO VENCIDO PARA SEMPRE*”. Como remate, no poema “from here to eternity”, a paráfrase dunhas verbas de Durruti que non deixan dúbida da ambiciosa aposta literaria que Salgado non acaba máis que comezar.